Porén, se o alumnado con materia pendente non acada unha cualificación positiva dos contidos, competencias e obxectivos( se estivera matriculado ou matriculada na 2ª LE) tería que presentarase ao exame final onde se

axustarían os contidos, competencias e obxectivos para que o alumno ou alumna acadara finalmente os mínimos esixibles.

O Departamento marcará un recreo para resolver as dúbidas de alumnas ou alumnos que teñen a materia pendente.

## 13._ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sabemos moi ben que nunha mesma clase hai alumnas e alumnos con diferentes modelos e ritmos de aprendizaxe e tamén con diferentes niveis de motivación. De aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas. O fundamental é desenvolver de forma eficaz as capacidades dos alumnos e alumnas, presentándolles actividades moi variadas de xeito que os motiven e lles permitan encontrar as máis apropiadas para o seu estilo de aprendizaxe.

Tradicionalmente, o ensino daba prioridade ás actividades e situacións de aprendizaxe que esixían a utilización do hemisferio esquerdo do cerebro ( o do pensamento analítico e abstracto ). Aínda que estas actividades son necesarias, é igualmente importante introducir outras que favorezan a utilización do hemisferio dereito, é dicir, a parte do cerebro que rexe a percepción visual, espacial, intuitiva, emocional e creativa.

Para dar resposta a esas diferencias inherentes a todo grupo de alumnos, os métodos utilizados propoñen en cada unidade un amplo abano de actividades que requiren para a súa realización a posta en práctica de diferentes estratexias e capacidades :

- Preséntanse situacións de comunicación oral e escrita que permiten introducir o tema e parte dos contidos da unidade ;

- Combínanse actividades de reflexión, de análise e de conceptualización lingüística con actividades que requiren dunha maior creatividade por parte dos alumnos e alumnas.

- Presencia de textos que permiten profundizar na comprensión lectora así como na reflexión sobre diferentes aspectos socioculturais.

- Ao final das unidades, presencia de *tests* ou *bilans* que retoman os contidos e permiten aos alumnos e alumnas avaliar a súa propia aprendizaxe.

Na Carpeta de recursos do profesor hai unha serie de **fichas fotocopiables** de dous tipos : unhas están pensadas para os alumnos e alumnas que necesitan repasar os contidos (**actividades de reforzo**) e outras están pensadas para ampliar e profundizar os contidos ( **actividades de ampliación** ). Tanto unhas como as outras poden ser realizadas na aula ou poden ser propostas para facelas na casa. Os alumnos e alumnas pegaranas no seu caderno persoal e a profesora pode optar por corrixilas ela mesma ou por dar as correccións aos alumnos-as para así reforzar máis a súa autonomía.

En calquera caso, como xa se fixo en cursos anteriores, adaptaranse as técnicas de aprendizaxe a cada grupo en función do seu nivel e da súa motivación, variando a metodoloxía de forma que dea resposta ás necesidades de cada alumno. Aplicaranse os reforzos oportunos aos alumnos-as que o necesiten e serán atendidos nos recreos todas as veces que o soliciten.

Débese facer tamén mención do seguimiento específico do alumnado repetidor.

Finalmente, hai que entender a diversidade como unha fonte de enriquecemento dentro da aula, sensibilizando ás alumnas e aos alumnos cara á solidariedade e á cooperación dentro do grupo. Porén, deberán diferenciarse tamén aos alumnos e alumnas que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse nestos tres ámbitos:

- En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.
- En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.
- En terceiro lugar, deberá prestarse unha atención especial a aqueles e aquelas alumnos-as que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.
- Por último, prestarase igualmente unha atención especial a aqueles e aquelas alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).
- Ou cun trastorno na cóclea como ocorre neste curso cuha alumna en 4ºB.

A nosa labor coma docentes é buscar estratexias que nos axuden a velar polo benestar deste alumnado sentíndose cómodos e seguros e que non se vexa o seu proceso de ensino-aprendizaxe “distorsionado” ou afectado. Así, por exemplo un TDH invitámolo a sentarse en primeira fila, ou o de implante coclear con dificultades de audición, proporcionaráselle uns auriculares ou as escoitas serán de maneira individual nos recreos, por exemplo.

A Orientación Educativa organízase en tres niveis que van dende a acción titorial, desenrolada na aula, e as tarefas orientadoras que realizan os Departamentos de Orientación, ata as actuacións complementarias dos equipos de apoio externo( como pode ser o caso da coidadora ou coidador). Aínda que cada un destes niveis ten funcións específicas, compleméntanse entre sí, dado que comparten a mesma finalidade e obxetivos xerais comúns: a personalización da educación e a contribución ao desenvolvemento dos obxetivos establecidos nesta etapa educativa.

## 14._ INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os doecentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítennos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que a alumna ou alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia ou asignatura.Os indicadores de logro permítennos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar. En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

**- Si se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades...**

**- Si existe desviación entre o obxectivo e a acción deseñados.**

**- Si se está conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.**

**- Si se está progresando na línea definida no obxectivo.**

**- Si os resultados obtidos xeneran satisfacción aos implicados.**

**Dentro do proceso de enseñanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo celebrará Sesións de avaliación tanto para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como <u>os procesos de enseñanza</u> e a <u>súa propia práctica docente.</u>**

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente ofrecemos unha **Rúbrica da Práctica docente** onde se valoran os seguintes aspectos**:**

**- Temporalización das Unidades e Contidos**

**- Exposición da información: Claridade nas explicacións docentes.**

**- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuado das actividades para consensuar os obxectivos e os criterios.**

**- Diversidade de Recursos: Incluíndo as TIC e medios de comunicación.**

**- Estratexias de motivación do alumnado.**

| **Rúbrica da Avaliación da Práctica Docente** | Satisfactorio | Satisfactorio | Moi Satisfactorio | Aspectos positivos a destacar | Aspectos a mellorar | Plans ou propostas de mellora |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades e dos contidos | | | | | | |
| Exposición da información | | | | | | |
| Eficacia das actividades e recursos | | | | | | |
| Diversidade de recursos | | | | | | |
| Estratexias de motivación do alumnado | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Interacción co alumnado | | | | | | |
| Avaliación das aprendizaxes incluíndo a recuperación | | | | | | |
| Atender á diversidade na aula | | | | | | |
| Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas do curso | | | | | | |
| Comprobo continuamente que as alumnas e alumnos comprenden o que teñen que facer | | | | | | |
| Ao comezo de cada unidade infórmase ao alumnado dos obxectivos a conseguir,das competencias que se van traballar, das actividades que se van a realizar e cómo serán avaliados. | | | | | | |
| Lévanse a cabo actividades  de reforzo educativo para o alumnado con dificultades. Propoñendo outras que faciliten a adquisición de obxectivos e competencias. O de ampliación para los que alcanzan los objetivos con profundidad. | | | | | | |
| Explícanse e corríxense na aula as actividades que se levan a cabo. | | | | | | |

## 15.-_ CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 2º BACHARELATO( 2ª LE)

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
- B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.
- B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

Bloque 2. Produción de textos orais

- B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.
- B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.
- B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a

expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.

- B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.
- B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.
- B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.
- B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.

B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

Bloque 4. Produción de textos escritos

- B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicaras estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.
- B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.
- B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.
- B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.

B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

- B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.
- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.
- B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.
- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila.

B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º BACHARELATO

Para avaliar os nosos alumnos/as utilizaremos diferentes instrumentos que se complementan entre eles. Terá especial relevancia a observación do seu **traballo diario**, tanto o que fan **na clase** como o que teñan que facer **na casa (exercicios, redaccións, lectura de libros axeitados ao nivel de cada estudante, repaso dos puntos de gramática, práctica de modelos de exames Abau**). Valorarase que ese traballo estea

ben feito, o interese **e a motivación do** alumno/a pola materia obxecto de estudo e o seu afán por aprender, **a súa participación na aula de forma correcta e ordenada** e a súa receptividade ás correccións. Tamén teremos en conta o esforzo do alumno/a por mellorar, por intentar expresarse o máis correctamente posible tanto por escrito como por oral, procurando facer discursos case que correctos, pero tamén intentando pronunciar e entoar o máis axeitadamente posible. Por último, faremos **exames ou probas orais e/ou escritas nas avaliacións co fin de medir o grao de coñecemento da materia por parte dos alumnos/as,** así como a súa madurez, axudándonos a ter unha cualificación o máis axustada posible do alumno/a.

Así pois, os criterios de cualificación a ter en consideración quedarían resumidos nos seguintes puntos:

- Alcanzar os obxectivos didácticos.

- Asimilar os contidos con especial atención a:

  - O esforzo, o traballo e a vontade por alcanzar un obxectivo.

- A interese e a actitude positiva na clase.

- A realización das actividades propostas e a puntualidade na súa entrega ou presentación.

- A participación activa na clase.

- O hábito de preguntar cando non se entende algo algo.

- As actitudes solidarias e de compromiso cívico responsable.

- Os métodos de traballo e as estratexias empregadas.

- O uso máis ou menos correcto da lingua.

- A recollida e o procedemento da información nun formato dixital.

- A orixinalidade e creatividade nas producións orais e escritas e nos traballos.

- A coherencia, correción gramatical e ortográfica, propiedade e riqueza na expresión oral e escrita.

- A limpeza, orde e boa presentación nos traballos escritos.

Faranse dúas probas escritas en cada avaliación.

Como norma xeral, para obter a nota final de cada avaliación contará un **40% a nota da primeira proba**, un **50% a nota da segunda proba** e o **10% restante será do traballo de clase**. **Ademais as profesoras poderán propoñer máis probas ou a realización dalgún exercicio ou traballo concreto para mellorar nota**. Como a nosa materia ten contidos progresivos sempre terá máis valor a última nota, polo que para recuperar unha avaliación suspensa, o alumno/a deberá aprobar a seguinte avaliación.

Se o alumno/a non se pode presentar a unha das probas do curso deberá xustificar correctamente a falta. Esta materia ten carácter continuo, así pois se un-unha alumno-a aproba a 3ª avaliación, aprobaría a materia( quedándolle recuperadas as anteriores cun 5) posto que a 3ª avaliación será a encargada de decidir a nota final. A nota media final faríase da seguinte maneira:

1ª avaliación: **30%**

2 ª avaliación: **30%**

3ª avaliación: **40%**

Aínda que o peso maior alcánzao a 3ª avaliación, consideramos que o traballo das dúas primeiras debe de ser compensado.

**NOTA: As probas escritas conterán exercicios de C.O( Comprensión oral),C.E.( Comprensión eescrita) e E.E( Expresión escrita) aparte de Gramática e vocabulario.**

## AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA EN 2º DE BACHARELATO

O alumnado que non lograra aprobar na avaliación final ordinaria tería que presentarse na convocatoria extraordinaria de xuño. O exame versará sobre os contidos abordados durante o curso escolar para obter os obxectivos da etapa e as competencias clave así como os estándares de aprendizaxe e o grao mínimo de adquisición.

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN 2º DE BACHARELATO

Seguindo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación promaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.( DOG.11/02/2022) .

Ao finalizar o 2ºdeBacharelato curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción..

Estes criterios de titulación foron reflectidos e están recollidos por escrito na ADDENDA DE CONCRECIÓNS CURRICULARES DO NO IES: AGRA DE RAÍCES e aprobada en CCP e posterior CLAUSTRO ademais do CONSELLO ESCOLAR. Tamén foi supervisado pola Inspectora dando o seu visto e prace.

- Promocionará aquel alumno-a que teña unha cualificación positiva en todas as materias alomenos cunha cualificación de 5 puntos e acadara os obxectivos de etapa e as competencias clave. Se non fora o caso o alumno-a tería que presentarse na convocatoria extraordinaria. Excepcionalmente podería ter avaliación negativa nunha soa materia sempre e cando o alumno ou alumna acadara os obxectivos e as competencias clave así como presentarse ou acudir presencialmente as sesión de clase.

## 16.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

O francés é un sistema de comunicación e o noso obxectivo primordial será polo tanto ensinar ós nosos alumnos/as a comunicarse en francés. Tomando sempre como punto de partida os coñecementos dos alumnos/as poderemos ampliar o seu vocabulario, mellorar a súa pronunciación e afondar nalgúns aspectos gramaticais. As referencias continuas á lingua materna do alumno/a facilitará a aprendizaxe xa que tanto o galego coma o castelán teñen a mesma orixe que o francés e son moitas as semellanzas entre elas.

O traballo con textos será fundamental nas nosas clases: leremos, escoitaremos, escribiremos e falaremos en francés para que o alumnado se afaga á pronunciación, ao vocabulario, ás estruturas e a todo o necesario para conseguir comunicar en francés.

Nalgúns cursos o libro é dixital e vén con material informático e audiovisual para traballar tanto na clase como na casa.

Ademais do libro de texto, do caderno de exercicios, de libros de lectura, do radiocasete, e da pantalla dixital veremos películas en dvd, escoitaremos cancións e, na medida do posible, consultaremos páxinas web en francés ou traballaremos con algún programa informático. Estas actividades terán un obxectivo de reforzo a través dun formato aparentemente lúdico, e servirán tamén para facer as nosas clases máis atractivas.

Tamén faremos uso da aula virtual se o consideráramos necesario.

## *LIBROS DE TEXTO*

**2º Bacharelato (Francés II, 1ª e 2ª LE) ............................................*À vrai dire… B1.B2*, ed. Vicens-Vives**

**No caso de ensinanza presencial utilizaranse as novas tecnoloxías(internet, e-dixgal,aula virtual ou páxina web do centro para colgar material,…). No caso de ensinanza semipresencial e on- line as novas tecnoloxías terán un peso aínda maior xa que se utilizará o correo electrónico,a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos-as mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa por mor da Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros-as. Hoxe en día todos os alumnos-as suelen**

**ter conexión a internet ou móviles que lles permiten estar en contacto co instituto e co profesor. Se non puidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviariaselles material mediante correo electrónico,whatsApp ou calquera outro medio.**

## METODOLOXÍA DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS QUE SE ADOPTARÁN PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

**Falabamos no apartado anterior como teriamos que recurrir á ensinanza telemática no caso de que os/ as nosos-as alumnos-as non puidesen asistir a clase por mor da pandemia da Covid 19 que estamos desgraciadamente a vivir. Pero temos que tamén contemplar a posibilidade de que haberá algún/ algunha alumno-a que teña problemas ou non poida ter unha rede wifi na súa casa por problemas económicos das familias, poucos datos móviles polo contrato que teñen, falta de cobertura ou outras problemáticas.**

**O primeiro que tentaremos facer é poñelo en coñecemento da dirección do centro para que llo comunique á Conselleria de Educación e poidan estudar o caso para axudar a estas familias, tamén podería intervir o concello, mesmo Cruz Vermella. Mentras esto non teña unha solución buscaremos mecanismos para que lle chegue ao alumno ou alumna o traballo que están a facer os seus compañeiros ou compañeiras telematicamente.Nun primeiro momento contactaremos coa familia ben persoalmente ou a través do seu titor ou titora. Prepararanse fichas para que as poidan vir recoller ao propio centro, sempre coas precaucións necesarias. Tamén unha vez feitas poderán entregalas no centro para a súa posterior corrección.**

**Poderíase tamén utilizar o WhatsApp se conta con datos móviles mediante envio de fotos ou se pode consultar, dependendo dos datos móviles, o seu correo electrónico.**

**En todo momento temos que estar ao día sobre posibles incidencias que lles poida ocorrer ao noso alumnado para que non se perde o fío do proceso de ensino-aprendizaxe. Se o alumno-a está seguindo as tarefas telemáticas, se ten o seu ordenador estropeado, se queda a familia sen datos móviles, se non pode utilizar sempre o ordenador por mor de que son máis irmáns e só teñen un. Esta comunicación terá que ser continua entre o/ a alumno-a e o profesor ou profesora e tamén intervirá o titor. Que o rapaz ou rapaza non se atope ben psicoloxicamente e teña que facer un parón. Debemos contar con estas problemáticas e poder ir solucionándoas e tamén se o motivo é xustificado que o alumnado poida entregar máis tarde as súas tarefas que serán avaliadas.Entón as entregas de maneira puntual estannos marcando que os alumnos-as están a traballar de maneira correcta e nós poder facerlles o seguimento. Aqueles alumnos-as que non entregasen as actividades habería que " investigar" a razón . Entón a comunicación coas familias e titor ou titora será clave para buscar solucións a todo**

**esto. Da mesma maneira se un alumno-a non traballa porque adopta un certo"pasotismo" recriminarlle esta actitude e comunicarlla ás familias para que se poña ao traballo inmediatamente porque podería verse afectada a súa nota de avaliación.**

## 17.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

**Nalgúns cursos o libro é dixital e vén con material informático e audiovisual para traballar tanto na clase como na casa.**

**Ademais do libro de texto, do caderno de exercicios, de libros de lectura, do radiocasete, e da pantalla dixital veremos películas en dvd, escoitaremos cancións e, na medida do posible, consultaremos páxinas web en francés ou traballaremos con algún programa informático. Estas actividades terán un obxectivo de reforzo a través dun formato aparentemente lúdico, e servirán tamén para facer as nosas clases máis atractivas.**

**Tamén faremos uso da aula virtual se o consideráramos necesario.**

## *LIBROS DE TEXTO* (MATERIAIS)

2º Bacharelato (Francés II, 1ª e 2ª LE) ............................................*À vrai dire… B1.B2*, ed. Vicens-Vives

No caso de ensinanza presencial utilizaranse as novas tecnoloxías(internet, e-dixgal,aula virtual ou páxina web do centro para colgar material,…). No caso de ensinanza semipresencial e on- line as novas tecnoloxías terán un peso aínda maior xa que se utilizará o correo electrónico,a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos-as mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa por mor da Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros-as. Hoxe en día todos os alumnos-as suelen ter conexión a internet ou móviles que lles permiten estar en contacto co instituto e co profesor. Se non puidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviariaselles material mediante correo electrónico,whatsApp ou calquera outro medio.

**METODOLOXÍA DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS QUE SE ADOPTARÁN PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO**

Falabamos no apartado anterior como teriamos que recurrir á ensinanza telemática no caso de que os/ as nosos-as alumnos-as non puidesen asistir a clase por mor da pandemia da Covid 19 que estamos desgraciadamente a vivir. Pero temos que tamén contemplar a posibilidade de que haberá algún/ algunha alumno-a que teña problemas ou non poida ter unha rede wifi na súa casa por problemas económicos das familias, poucos datos móviles polo contrato que teñen, falta de cobertura ou outras problemáticas.

O primeiro que tentaremos facer é poñelo en coñecemento da dirección do centro para que llo comunique á Conselleria de Educación e poidan estudar o caso para axudar a estas familias, tamén podería intervir o concello, mesmo Cruz Vermella. Mentras esto non teña unha solución buscaremos mecanismos para que lle chegue ao alumno ou alumna o traballo que están a facer os seus compañeiros ou compañeiras telematicamente.Nun primeiro momento contactaremos coa familia ben persoalmente ou a través do seu titor ou titora. Prepararanse fichas para que as poidan vir recoller ao propio centro, sempre coas precaucións necesarias. Tamén unha vez feitas poderán entregalas no centro para a súa posterior corrección.

Poderíase tamén utilizar o WhatsApp se conta con datos móviles mediante envio de fotos ou se pode consultar, dependendo dos datos móviles, o seu correo electrónico.

En todo momento temos que estar ao día sobre posibles incidencias que lles poida ocorrer ao noso alumnado para que non se perde o fío do proceso de ensino-aprendizaxe. Se o alumno-a está seguindo as tarefas telemáticas, se ten o seu ordenador estropeado, se queda a familia sen datos móviles, se non pode utilizar sempre o ordenador por mor de que son máis irmáns e só teñen un. Esta comunicación terá que ser continua entre o/ a alumno-a e o profesor ou profesora e tamén intervirá o titor. Que o rapaz ou rapaza non se atope ben psicoloxicamente e teña que facer un parón. Debemos contar con estas problemáticas e poder ir solucionándoas e tamén se o motivo é xustificado que o alumnado poida entregar máis tarde as súas tarefas que serán avaliadas.Entón as entregas de maneira puntual estannos marcando que os alumnos-as están a traballar de maneira correcta e nós poder facerlles o seguimento. Aqueles alumnos-as que non entregasen as actividades habería que “ investigar” a razón . Entón a comunicación coas familias e titor ou titora será clave para buscar solucións a todo esto. Da mesma maneira se un alumno-a non traballa porque adopta un certo”pasotismo” recriminarlle esta actitude e comunicarlla ás familias para que se poña ao traballo inmediatamente porque podería verse afectada a súa nota de avaliación.

## 18._ ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos/as deberán contar co material (libro de texto ou interactivo, caderno de exercicios) do curso que teñen pendente, xa que ademais de necesitalo para preparar a recuperación da materia pode servir de apoio para resolver dúbidas sobre a materia que están cursando.A profesora correspondente fará con eles-elas actividades de reforzo( mediante fichas que se lle entregarán ou se lle enviarán ao correo do alumno-a) para que se entreguen e lles sirva para resolver dúbidas posto que os contidos( do curso pasado) dos exames xirarán en torno a ditas fichas e observarase se o alumno-a amosa interese e esforzo por superar a materia pendente,.Todo isto, supervisado e coordinado pola Xefa do Departamento coa axuda da profesora que lle imparte a clase, se é que está matriculado no curso correspondente na segunda lingua estranxeira. Os alumnos/as deberán presentarse ós exames parciais marcados pola Xefatura de Estudos, tendo a última oportunidade no exame final, tamén fixado pola Xefa de Estudos. De tódolos xeitos consideramos que se o alumno/a vai acadando unha cualificación positiva nas avaliacións do curso no que está matriculado( se é o caso) supera automaticamente a materia do curso precedente, é decir,se os alumnos-as van aprobando as avaliacións da materia do curso seguinte, irán superando as avaliacións do curso anterior. Polo tanto, xa non deberán presentarse ao exame final de maio.Tan só farían unhas “ fichas de repaso” trimestrais que deberían entregarse nun prazo marcado polo Departamento.

Porén, se o alumnado con materia pendente non acada unha cualificación positiva dos contidos, competencias e obxectivos( se estivera matriculado ou matriculada na 2ª LE) tería que presentarase ao exame final onde se

axustarían os contidos, competencias e obxectivos para que o alumno ou alumna acadara finalmente os mínimos esixibles.

O Departamento marcará un recreo para resolver as dúbidas de alumnas ou alumnos que teñen a materia pendente.

## 19._ ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS( BACH)

O alumnado de 2º de bacharelato que non cursara Francés como primeira lingua estranxeira en 1º Bacharelato terá que acreditar coñecementos previos a través de traballos, exercicios e lecturas do fondo de libros da biblioteca do centro que teñen actividades e entregar eses traballos no tempo indicado pola profesora para así superar a materia.

Se fora o caso os/ as alumnos-as farían un exame cos contidos do curso pasado( 1º BACH) para así saber onde temos que partir e saber o nivel de este alumnado.

## 20._ CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO

Partimos do convencemento de que a educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presente na aula de forma permanente, xa que se refire a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Os valores estiveron sempre presentes na ensinanza das linguas estranxeiras, xa que aprender outro idioma implica reflexionar sobre múltiples facetas da vida cotiá, ao mesmo tempo que se compara a realidade estranxeira coa propia, para iso utilizaremos os contidos transversais xa indicados nas relacións dos estándares de aprendizaxe e nos obxectivos de cada curso. En todos traballaremos a igualdade de sexos, de razas, a non violencia, o ecoloxismo e o respecto ao medioambiente, a non discriminación por razón de raza, relixón, ideoloxía ou aspecto físico, o consumo responsable, a alimentación saudable así como a práctica do exercicio físico claves nestes tempos de pandemia.

Pretendemos educar no pluralismo mediante un esforzo formativo en dúas direccións: o respecto á autonomía dos demais e o diálogo como forma de solucionar diferenzas. Para o cal traballaremos temas como as fórmulas de cortesía, as relacións entre o alumnado e en relación co profesorado, a familia, a pluralidade de culturas que existen en Francia.

A través dos conflitos que poidan xurdir na aula tratarase intentar solucionar ditos conflitos de forma dialogada e facéndolle ver ao alumnado que todas as opinións son válidas e que hai que respectar e ter tolerancia cos demais rexeitando calquera prexuízo sexista.

Tamén intentaremos facer ver ao alumnado a importancia da natureza por si mesma e como elemento do noso lecer.

Non esqueceremos a importancia dunha boa alimentación e hixiene para a vida diaria( lavado continuo de mans pola Covid-19) así como a práctica de exercicio físico en todas as etapas da vida.

## 21._ ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

- Asistencia ao teatro do alumnado de ESO.
- Asistencia ás probas DELF ao centro da Alianza Francesa correspondente.
  Sobre o mes de maio o alumnado de 1º de Bacharaleto( matriculado en Delf) que se preparará ao longo do curso asistirá ao instituto Eusebio da Garda da Coruña para facer as probas escritas.

  Porén, neste mesmo mes realizarán as probas orais sendo no propio centro en horario non lectivo, polo tanto esta actividade considérase complementaria.

- Colaboración con outros departamentos e coa Vicedirección en actividades e proxectos que xurdan ao longo do curso.
- Taller de danza bretona.
- A Francofonía: O Senegal.

## 22.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A presente programación é obxecto dunha constante avaliación por parte do profesorado do Departamento.

Mensualmente na Reunión de Departamento póñense en común as reflexións sobre a propia práctica docente en cada curso e nivel educativo e lévanse a cabo cambios puntuais sobre aspectos tan importantes como:

1. Grao de cumprimento da programación.

2. Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos.

3. Participación. Ambiente de traballo e participación. Proceso de integración e implicación no traballo.

4. Adecuación do material didáctico e necesidade de adquisición de novo material.

5. Posibilidade de desenvolvemento das actividades complementarias e novas actividades que se poden realizar.

6. Revisión dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino baseándonos en: Cuestionarios, Intercambios orais, Entrevistas, Debates ós alumnos/as...

7. Análise dos resultados obxectivos, sobre todo despois de cada avaliación, do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ó final de cada curso, na reunión de xuño, faise unha valoración das modificación que deben quedar reflectidas na programación do curso seguinte e na primeira reunión de setembro concrétanse para incorporalas á nova programación.

A programación didáctica do curso chegará ao alumnado e a través das súas familias. Así pois, o profesorado leerá e explicará aos alumnos e alumnas ao principio de curso os puntos esenciais: objetivos mínimos, criterios de avaliación e cualificación, materias didácticos e mediops de recuperación. Esta estará a disposición da comunidade educativa e de titoría.

Para valorar a programación tomaremos en conta a seguinte tabla:

| EVALUACIÓN DA PROGRAMACIÓN | SÍ | NON |
|---|---|---|
| **1. Foi unha elaboración coordinada.** | | |
| **2.A programación didáctica concreta e completa as decisións tomadas na concreción do currículo dentro do proxecto educativo de centro.** | | |
| **3. Os criterios de avaliación da programación cumpren a función de comprobar que se alcanzaron os Estándares a través dos contidos propostos.** | | |
| **4. Os procedementos de avaliación axústanse aos criterios de calificación.** | | |
| **5. A programación toma en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.** | | |
| **6. As actividades programadas son coherentes coa metodoloxía e o currículo oficial.** | | |
| **7. A metodoloxía utilizada favorece o desenrolo dunha actitude positiva e activa do alumnado e ten en conta os seus intereses.** | | |
| **8. A programación didáctica prevé os recursos (humáns e materiais) necesarios para levala a cabo.** | | |
| **9. A programación didáctica ten en conta os espazos e o tempo das actividades previstas.** | | |
| **10. Contémplanse as actividades de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.** | | |
| **12. A programación contempla as medidas de atención á diversidade** | | |
| **13. A programación é consultada ao longo do curso e, no caso necesario, anótanse ou inclúen as modificacións oportunas.** | | |